
DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN - 2º ESO

CURSO 2022-2023



CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DO TOURAL - VILABOA

Toural nº 34, 36141 - Vilaboa (Pontevedra)

Teléfono: 886 151 766

Fax: 886 151 769

e-mail: cpi.toural@edu.xunta.es

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN NORMATIVA E DIDÁCTICA	2
2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO	3
3. CONTEXTO EDUCATIVO (CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO)	4
4. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCCIÓN DOS OBOECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA	5
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
6. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVAILABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. CONCRECIÓN DE GRAOS MÍNIMOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.	8
7. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE	17
8. METODOLOXÍA	19
8.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS, MÉTODOS, ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES	20
8.2. ESPAZOS, MATERIAIS E RECURSOS EDUCATIVOS	22
8.3. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DO CPI	23
9. AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	24
9.1. AVALIACIÓN INICIAL. MECANISMOS E CONSECUCENCIAS	24
9.2. AVALIACIÓN CONTINUA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	24
9.3. MECANISMOS DE RECUPERACIÓN	25
9.4. AVALIACIÓN FINAL. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	26
9.5. AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES	27
9.6. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO DE ENSINO. INDICADORES DE LOGRO	27
9.7. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: MECANISMOS E INDICADORES	28
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	30
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAORDINARIAS	33

1. INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN NORMATIVA

A presente programación vai dirixida á materia de libre configuración autonómica elixible *Investigación e Tratamento da Información* de 2º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, para o curso académico 2022-2023, e para abarcar os aspectos que debe recoller, seguiuise o establecido ao efecto no **Decreto 7/1999**, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, na **Orde do 3 de outubro de 2000** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 e, principalmente, no punto 4 do artigo 41 da **Resolución do 26 de maio de 2022**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

A programación didáctica foi elaborada tendo en conta como marco lexislativo e curricular para a materia de *Investigación e Tratamento da Información* de 2º ESO o derivado da **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, que modificou a *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)* e, en concreto, a **Orde do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

As normas específicas de referencia empregadas para a elaboración desta programación foron:

- **Orde do 21 de decembro de 2007** pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- **Orde do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e **Circular 1/2022** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021.
- **Orde do 20 de maio de 2022** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta normativa utilizouse para a determinación dos aspectos básicos e prescriptivos do currículo especificado para a materia: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, así como para a súa secuenciación no curso que se programa. Seguiuise, así mesmo, a normativa actual relativa á atención da diversidade e especialmente aquela referida ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA

Malia que algunhas materias do currículo da ESO recollen contidos relacionados coa procura e o tratamento de información, a materia *Investigación e Tratamento da Información*, de libre configuración autonómica para os cursos de 1º ou 2º de ESO, xurde como necesidade de afondar na adquisición dunha competencia mediática e informacional, pois o alumnado chega ao ensino secundario obrigatorio cunha bagaxe moi diversa no que se refire ao uso, o tratamento e a produción da información.

Dita competencia engloba a suma de saberes necesarios para coñecer cando e que información é necesaria, onde e como obter esa información, como avaliala criticamente e organizala logo de atopala, e como usala de xeito ético. De tal xeito, esta alfabetización informacional, mediática e dixital permitiralles ás/aos alumnas/os desenvolver habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia.

Para iso a materia está ligada a prácticas metodolóxicas activas e de traballo por proxectos, deseñándose situacións contextualizadas que obriguen á resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información.

Esta metodoloxía de traballo por proxectos implica toda a liña temporal resultado da xestión da información: a localización e consulta de fontes informativas diversas (orais, impresas e dixitais), tanto empregando a biblioteca escolar como as tecnoloxías da información, a valoración e selección da mesma, con recoñecemento dos dereitos de autoría e con atención ás características da internet como medio de información, a xeración de contidos reelaborando a información obtida e conseguindo produtos orixinais, e por último, a comunicación e, por tanto, transferencia deste coñecemento á vida persoal, académica ou social do alumnado.

No noso CPI ofértase a materia en 2º de ESO, en dúas seccións: non bilingüe e bilingüe (galego-inglés).

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Durante o curso escolar 2022-2023 o departamento de Bioloxía e Xeoloxía estará constituído unicamente por Miguel Trigo Fernández, profesor de secundaria funcionario de carreira e definitivo no centro, que exercerá tamén como xefe de departamento.

Dito profesor é tamén membro do Departamento de Orientación, xa que exerce durante este curso como titor do ámbito científico-técnico. Así mesmo, colaborará durante este curso no programa de inmersión lingüística e de intercambio de alumnado que o noso CPI leva a cabo coa Newark Academy (Livington - New Jersey - EEUU).

3. CONTEXTO EDUCATIVO

Características do centro:

O CPI do Toural é un centro público integrado onde se imparten as tres etapas educativas: infantil, primaria e ESO, convivindo rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos (algún/ha alumno/a permanece no CPI con máis idade de forma excepcional).

Está situado en Vilaboa, un concello próximo ás cidades de Pontevedra e Vigo, non moi extenso (uns 37 km²) e cunha modesta poboación (5955 habitantes segundo o censo do INE a 1/1/2021) que nin crece nin decrece significativamente, e que xeomorfoloxicamente ten tres zonas diferenciadas, unha interior de relevo abrupto a modo de anfiteatro (cunha cota máxima de 625 m en Coto do Home ou Xaxán), correspondente á ladeira surleste do bloque tectónico (*horst*) da Península do Morrazo, outra interior de relevo suave pertencente á fosa meridiana e outra costeira que mira cara a enseada de San Simón. Entre os recursos ambientais da contorna que resultan de interese didáctico para o proxecto a levar a cabo na materia de *Investigación e Tratamento da Información* destacan os xacementos de praias fósiles eemienses en diversos lugares do Morrazo, que serán empregados como exemplo do máximo nivel do mar acadado no anterior período interglaciar, e a propia enseada de San Simón, que será empregada como exemplo de resultado do ascenso do nivel do mar no actual período interglaciar.

As **dependencias do CPI** que se empregarán no proceso de ensinanza-aprendizaxe da materia neste curso son:

- A aula de referencia do grupo ao que vai dirixida a programación, que dispoñen de ordenador portátil do profesorado con conexión wifi á internet, proxector e encerado interactivo, recursos tecnolóxicos que se incorporarán na práctica docente, contribuíndo ao Plan TIC do centro e a adquisición da competencia dixital. As aulas dispoñen dunha pequena biblioteca con dicionarios e atlas, que serán empregados, por veces, para o desenvolvemento da competencia lingüística. Tamén hai unha zona de reciclaxe de papel, cartón e plástico, o que permitirá fomentar a sensibilización ambiental.
- A aula de informática, que se empregará en ocasións puntuais para a busca de información, así como para a realización de simulacións e actividades interactivas, potenciando a motivación e o espírito de busca, principalmente cando non puideran empregarse os portátiles Edixgal do alumnado.
- A biblioteca, que se empregará para a busca de bibliografía relacionada coa materia e adaptada ao nivel, contribuíndo ao Plan Lector do centro.

Características do alumnado:

O entorno socioeconómico do centro marca as características xenéricas do alumnado e as súas necesidades educativas, e dirixe a orientación práctica que se lle dará aos contidos, cunha elección de exemplos que os alumnos poidan encontrar próximos á súa realidade cotiá. Esta contextualización farase de forma sistemática atendendo ás directrices xerais marcadas polo Proxecto Educativo do CPI no que están establecidos os obxectivos educativos, así como os procedementos de actuación, segundo as

características do centro, do seu entorno, e as necesidades educativas do alumnado. De tal xeito, os alumnos e alumnas do CPI teñen un nivel socio-económico medio e medio-baixo, se ben hai alumnado con graves carencias de recursos económicos.

No centro hai alumnos/as de pais e nais inmigrantes, case todos eles procedentes de Marrocos, e así como alumnos/as de etnia xitana, tendo estes/as últimos/as unha patente problemática de abandono escolar.

Neste curso 2022-2023, a materia de *Investigación e Tratamento da Información* de 2º de ESO impartirase durante 1 sesión semanal a un grupo mixto de 24 alumnas/os, 14 das/dos cales pertencen a 2º ESO A e 10 a 2º ESO B.

O alumnado deste grupo atópase na etapa inicial da adolescencia, o que determina neles unha situación psico-social característica, que será tida en conta durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe para axustarse á diversidade de intereses e aptitudes das/dos alumnas/os, e da súa diferente motivación.

4. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

Na elaboración desta programación tívose en conta que a Educación Secundaria Obrigatoria debe contribuír a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En liña coa *Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006*, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o Decreto 86/2015 incorpora a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Unha competencia clave supón unha capacidade máis global que se acadada pola consecución de varios obxectivos máis concretos, considerándose que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

A materia *Investigación e Tratamento da Información* facilita o tratamento, de forma intensiva dos contidos que constitúen a cerna da denominada competencia informacional. Esta competencia aparece supeditada, na vixente normativa, á competencia dixital, e involucra un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para se desenvolver na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns.

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo. A competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor son as máis beneficiadas. Pero tamén axuda a desenvolver as competencias sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais. De todos os modos, un tratamento interdisciplinar destes contidos, tal e como se propón, beneficiará a adquisición de todas as competencias clave.

Dita contribución promóvese axustando a metodoloxía e a organización dos contidos a impartir. Deste xeito concretaríase:

- Comunicación lingüística (CCL): para o desenvolvemento da habilidade dunha correcta expresión-comprensión oral e escrita da linguaxe, dunha comprensión do que se le e dunha autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta, inclúense a lectura de fragmentos de libros de ensaio, de artigos de prensa e de páxinas web, así como a busca da etimoloxía de conceptos científicos. A construción de mapas conceptuais, a elaboración e presentación de informes, tanto de forma escrita como oral, contribúen á adquisición de destrezas comunicativas no alumnado empregando terminoloxía científica.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): na medida na que se proporcionan situacións de aplicabilidade das matemáticas na interpretación de gráficos bidimensionais e no uso da lóxica na interpretación de fenómenos xeolóxicos e ambientais. Potenciarase o manexo da linguaxe matemática con precisión en calquera contexto, tanto na produción e interpretación de información a partir de datos numéricos ou estatísticos, como no caso de realización ou interpretación de táboas e gráficas.
- Competencia dixital (CD): potenciarase no alumnado un uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación mediante a busca, análise e rexistro de información relativa ao proxecto de investigación, así como na comunicación dos resultados da investigación.
- Aprender a aprender (CAA): analizar, seleccionar e organizar información útil e aplicar estratexias de resolución de problemas promove actitudes necesarias para a adquisición desta competencia. Ademais potenciarase a capacidade do alumnado para relacionar e integrar a información seleccionada, así como para planificar, valorar e mellorar os seus resultados de aprendizaxe. Aplicaranse diversas estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente así como da autonomía persoal da/do alumna/o, sempre tendo en conta as diferentes potencialidades persoais (estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples e funcións executivas).
- Competencias sociais e cívicas (CSC): o traballo cooperativo do proxecto de investigación favorece o desenvolvemento desta competencia coa adquisición de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo, valorando as ideas alleas e priorizando a consecución de obxectivos grupais fronte a intereses persoais.

Ademais, o alumnado terá oportunidade de achegarse ao coñecemento da dimensión social do impacto que determinadas situacións ambientais resultado do cambio climático teñen e terán na súa contorna inmediata, de modo que se fomentará a reflexión e a análise das vantaxes e implicacións éticas do desenvolvemento sostible, así como o desenvolvemento de actitudes como a cooperación e a solidariedade.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): a realización de actividades de busca e selección de información, de resolución de problemas, debates e elaboración de informes, que requiren da proposición de hipóteses, estratexias de resolución, exposición de información e argumentación de opinións persoais, reforzarán esta

competencia. O deseño das actividades propostas permitirá, optimizando os recursos persoais e apoiándose nas fortalezas propias de cada alumna/o, adquirir actitudes persoais como a perseveranza, a autoestima, a responsabilidade, a autocrítica, a capacidade de decisión, e a asunción de erros.

- Conciencia e expresións culturais (CCEC): contribuirase valorando o patrimonio natural e cultural como ben común de toda a humanidade, valorando os efectos do cambio climático na conservación do patrimonio cultural. Ademais, a materia potenciará o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade na elaboración de gráficos e informes, e na presentación oral de traballos, e promoverá o uso de imaxes de fenómenos ambientais con valores estéticos intrínsecos.

6. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVAILABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. CONCRECIÓN DE GRAOS MÍNIMOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.

TEMPORALIZACIÓN

Tras analizar o calendario escolar para o curso 2022/2023 aprobado pola *Orde do 20 de maio de 2022*, as datas fixadas no claustro inicial do curso para as sesións de avaliación (1ª, 2ª, 3ª e final), o horario definitivo do profesor da materia, e considerando que *Investigación e Tratamento da Información* en 2º de ESO dispón de 1 sesión semanal, resultan unhas 35 sesións totais para levar a cabo a acción pedagóxica da materia. E tal modo, a temporalización do proceso de ensinanza dos diferentes temas e contidos será a seguinte:

Primeiro período de avaliación

- As fontes de información. Os arquivos municipais e provinciais como fontes informativas, localización e selección da información. Outras fontes informativas: os nosos maiores, familias, veciñanza, ...
- Fases dunha Investigación.
- Proxecto de Investigación conectado co Patrimonio Inmaterial na busca de fotografías antigas de Vilaboia.
- Proxecto en torno aos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030: efectos do cambio climático na contorna do alumnado. Busca e tratamento de información para este segundo proxecto.

Segundo período de avaliación

- Proxecto en torno aos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030: efectos do cambio climático na contorna do alumnado. Busca e tratamento de información para este segundo proxecto.

Terceiro período de avaliación

- Xeración de contidos sobre os proxectos, comunicación e difusión.

TEMPORALIZACIÓN, GRAOS MÍNIMOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

ETAPA	E.S.O.							
NIVEL	2º			MATERIA			Investigación e tratamento da información (INETIN)	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a materia Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Procedementos de avaliación / Instrumentos de avaliación	PESO	Compet.
Bloque 1: A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital								
INETIN-B1.1	INEINB1.1.1 - Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de información.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CCL, CD, CAA
INETIN-B1.1	INEINB1.1.2 - Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos grupais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións procedementais.	1,7 %	CCL, CD, CAA, CSIEE, CCEC
INETIN-B1.2	INEINB1.2.1 - Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo,			X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CSC
INETINB1.3	INEINB1.3.1 - Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.		X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CD, CAA, CSIEE
INETINB1.3	INEINB1.3.2 - Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas	Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,8 %	CCL, CAA
INETINB1.3	INEINB1.3.3 - Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais	Accede a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observador externo. INSTRUMENTOS: Observador externo.	1,7 %	CAA, CSIEE

INETIN-B1.4	INEIN1.4.1 - Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	Distingue as ideas principais nos documentos consultados.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	1,8 %	CCL, CAA
INETIN-B1.4	INEIN1.4.2 - Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	Recupera contido informativo dos recursos dixitais.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B1.5	INEIN1.5.1 - Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes	Identifica a autoría de textos ou imaxes	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,8 %	CSC, CAA
Bloque 2: Fontes informativas. Localización e selección								
INETIN-B2.1	INEIN2.1.1 - Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,8 %	CCL, CAA
INETIN-B2.1	INEIN2.1.2 - Recupera facilmente os documentos que precisa.		X			PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,7 %	CSIEE, CAA
INETIN-B2.2	INEIN2.2.1 - Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.		X			PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,7 %	CSIEE, CAA, CD
INETIN-B2.2	INEIN2.2.2 - Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca		X			PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,7 %	CSIEE, CAA, CD
INETIN-B2.4	INEIN2.4.1 - Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información	Usa internet para resolver necesidades de información	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	1,8 %	CSIEE, CAA, CD
INETIN-B2.4	INEIN2.4.2 - Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CD

	gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.							
INETIN-B2.5	INEIN2.5.1 - Establece un sistema de procura eficaz de información.	Utiliza palabras clave para localizar información na web	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CD, CAA, CSIEE
INETIN-B2.5	INEIN2.5.2 - Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Escala de valoración e anotacións.	1,8 %	CD, CAA
INETIN-B2.5	INEIN2.5.3 - Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,7 %	CD, CAA
INETIN-B2.5	INEIN2.5.4 - Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,7 %	CD, CAA
INETIN-B2.6	INEIN2.6.1 - Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as cales foron creadas: educativa, participativa, etc		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,7 %	CD, CSC, CSIEE
INETIN-B2.7	INEIN2.7.1 - Navega pola internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,7 %	CD, CSC, CSIEE
INETIN-B2.8	INEIN2.8.1 - Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc		X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico	1,7 %	CD, CCL, CAA
INETIN-B2.9	INEIN2.9.1 - Emprega as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,7 %	CD, CSC

INETIN-B2.10	INEIN2.10.1 - Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede	Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións do alumnado. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	1,8 %	CD, CCL, CAA
INETIN-B2.10	INEIN2.10.2 - Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e posta en común.	1,7 %	CD, CCL, CAA
Bloque 3: Organizarse para investigar								
INETIN-B3.1	INEIN3.1.1 - Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e posta en común.	1,7 %	CSIEE, CAA
INETIN-B3.2	INEIN3.2.1 - Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar	Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e posta en común.	1,8 %	CCL, CAA
INETIN-B3.3	INEIN3.3.1 - escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	Escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra e respecta as opinións das outras persoas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de valoración e rexistro de datos.	1,8 %	CCL, CAA, CSC
INETIN-B3.3	INEIN3.3.2 - Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	Responsabilízase das tarefas que lle corresponden.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,7 %	CCL, CSC
INETIN-B3.4	INEIN3.4.1 - Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CCL, CAA
INETIN-B3.5	INEIN3.5.1 - Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CCL, CAA
Bloque 4: Procura e tratamento da información.								
INETIN-B4.1	INEIN4.1.1 - Identifica o tipo de información que precisa en	Identifica o tipo de información que precisa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación.	1,7 %	CCL, CAA, CD

	función duns obxectivos.					INSTRUMENTOS: Caderno de clase ou portafolio.		
INETIN-B4.1	INEIN4.1.2 - Localiza os recursos dispoñibles e acordos á súa necesidade informativa.	Localiza os recursos dispoñibles para a súa necesidade informativa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Valoración do traballo de aplicación e síntese.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B4.1	INEIN4.1.3 - Concreta o proceso de procura de información		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro de datos e anotacións.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B4.1	INEIN4.1.4 - Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz	Escolle os recursos informativos que precisa	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de valoración do traballo de aplicación e síntese.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B4.2	INEIN4.2.1 - Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de valoración do traballo de aplicación e síntese.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B4.2	INEIN4.2.2 - Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: posta en común.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B4.3	INEIN4.3.1 - Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (veracidade, fiabilidade, etc.).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica do traballo de aplicación e síntese.	1,8 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B4.4	INEIN4.4.1 - Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	Sintetiza a información atopada.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,8 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B4.5	INEIN4.5.1 - Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,7 %	CCL, CAA, CD, CSC, CCEC

Bloque 5: Xeración de contidos e comunicación.								
INETIN-B5.1	INEIN5.1.1 - Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada	Realiza esquemas e guións para organizar a información.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B5.2	INEIN5.2.1 - Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B5.3	INEIN5.3.1 - Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	1,7 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B5.4	INEIN5.4.1 - Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,8 %	CCL, CAA, CD
INETIN-B5.4	INEIN5.4.2 - Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	Elabora textos mediante un procesador de textos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro de clase.	1,7 %	CCL, CD
INETIN-B5.5	INEIN5.5.1 - Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de valoración e rúbrica do traballo.	1,7 %	CCL, CD
INETIN-B5.5	INEIN5.5.2 - Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica do traballo de aplicación e síntese.	1,8 %	CCL, CD, CAA
INETIN-B5.6	INEIN5.6.1 - Cita con corrección os libros consultados			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	1,7 %	CAA, CD, CSC, CCEC
INETIN-B5.6	INEIN5.6.2 - Segue unha pauta para facer a referencia de artigos				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións do alumnado.	1,7 %	CAA, CD, CSC, CCL

	de revistas, música, películas, páxinas da internet, autoría de imaxes, etc					INSTRUMENTOS: Anotacións.		
INETIN-B5.7	INEIN5.7.1 - Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica do traballo de aplicación e síntese.	1,7 %	CD, CCEC
INETIN-B5.8	INEIN5.8.1 - Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbricas e rexistro anecdótico.	1,7 %	CD, CCL
INETIN-B5.9	INEIN5.9.1 - Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	Participa na presentación oral dos traballos elaborados.			X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións da exposición oral.	1,8 %	CD, CSIEE
INETIN-B5.9	INEIN5.9.2 - Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo	Respecta o traballo alleo.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CCL, CSIEE, CSC
INETIN-B5.9	INEIN5.9.3 - escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora o seu traballo.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,7 %	CCL, CSC
INETIN-B5.10	INEIN5.10.1 - Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.				X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CAA, CSIEE
INETIN-B5.10	INEIN5.10.2 - Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.			X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,7 %	CAA, CSIEE
INETIN-B5.10	INEIN5.10.3 - Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	Valora con respecto o traballo das outras persoas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,7 %	CAA, CSC

INETIN-B5.10	INEIN5.10.4 - Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Valoración do traballo de aplicación e síntese.	1,7 %	CAA, CSIEE
--------------	--	--	--	---	---	--	-------	------------

7. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE CON OUTRAS ÁREAS

ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

Os elementos transversais están intimamente relacionados con moitos obxectivos da etapa recollidos na normativa LOMCE. Polo tanto, na programación, traballarase estes elementos para o logro destes obxectivos. Asemade, a celebración das diferentes conmemoracións previstas pola *Orde do 20 de maio de 2022*, permitirá o tratamento de diversos elementos transversais nas diferentes actividades a realizar nas aulas ou fora delas.

O tratamento para aqueles elementos transversais recollidos no artigo 4 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* é o que segue:

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita: traballarase a comprensión lectora mediante análises de noticias e de diversos textos de carácter divulgativo, extracción de ideas globais ou datos concretos. Os debates na aula, o traballo por grupos e a presentación oral dos resultados dos proxectos de investigación e traballos realizados son, entre outros, momentos a través dos cales as alumnas e os alumnos deberán ir consolidando as súas destrezas comunicativas. Coa elaboración de traballos de diversa índole (principalmente, análise de información extraída e conclusións das investigacións) traballarase a expresión escrita, potenciándose a elaboración de argumentacións coherentes e un uso axeitado da terminoloxía científica.
- Comunicación audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación: como é natural nesta materia, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación estará presente en todo momento. O alumnado non soamente terá que facer uso das TIC para a busca e selección de información e elaborar traballos persoais, senón que deberá empregarlas para comunicar aos demais as súas aprendizaxes e avances, mediante a realización de presentacións orais, escritas e audiovisuais. As alumnas e os alumnos traballarán con procesadores de texto na elaboración do informe final da investigación e co *OpenOffice Impress* ou co *Microsoft Office PowerPoint* para a presentación pública dos seus resultados.
- Emprendemento: mediante a proposta por parte do alumnado de solucións a cuestións éticas e a problemas ambientais, a emisión de hipóteses, o deseño da busca de información e organización dos traballos de investigación.
- Educación cívica e constitucional: a sociedade actual demanda persoas que saiban traballar en equipo. Impulsaremos o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, a toma de decisións en común, a valoración e o respecto das opinións dos demais. Así mesmo desenvolverase o sentido crítico fronte a políticas ambientais contrapostas.
- Prevencción da violencia de xénero e contra as persoas con discapacidade, e do racismo e xenofobia: o traballo cooperativo e colaborativo, un dos pilares do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demais, practicar a

tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. De tal modo, potenciaranse actitudes non sexistas nas actividades de grupo na aula, biblioteca e campo.

- Educación e seguridade viaria: respecto das normas viarias nas saídas.

A educación en valores merece un tratamento especial, porque afectan directamente en varios casos aos contidos propios da materia:

- Educación non sexista:

Considerarase á persoa ou ao ser humano por encima do concepto de home ou muller, desenvolveranse tódalas potencialidades, sen condicionamentos sociais que asignen a cada sexo unhas expectativas de comportamento determinadas, potenciarase o comportamento de forma participativa, solidaria e tolerante, respectando os principios de non discriminación por razón de sexo, e identificaranse e rexeitaranse as actitudes de discriminación por razón de sexo que se produzan.

- Educación para o consumidor:

Desde o punto de vista da propia materia, a Educación para o consumidor está estreitamente relacionada cos contidos da Educación ambiental. Traballarase aspectos relativos ao uso responsable dos recursos naturais, tales como a auga, as materias primas, as fontes de enerxía, etc. e o efecto deste consumo no cambio climático. Ademais, potenciarase a adquisición de conceptos claros sobre a súa propia condición de consumidores, sobre os seus dereitos e obrigacións como tales, e sobre o funcionamento da sociedade de consumo e os mecanismos de que dispón para actuar como consumidor informado. Profundarase tamén nas formas máis adecuadas para a utilización, o uso e goce dos bens, produtos e servizos que se ofrecen no mercado, valorando positivamente a súa propia educación e información como consumidor e amosando unha actitude crítica ante o consumismo.

- Educación para a saúde:

Indicaranse as consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e das decisións persoais, valorarase a prevención como a maneira máis útil de salvagardar a saúde e adquirir estilos saudables de vida que preveñan as enfermidades máis características do noso tempo, relacionadas co cambio climático.

- Educación sexual:

Fomentarase o exercicio da sexualidade como actividade de plena comunicación entre as persoas e o respecto ás diversas formas nas que se manifesta a sexualidade humana, respectando e apreciando aos compañeiros e compañeiras, con independencia da súa orientación sexual.

- Educación ambiental:

O proxecto de investigación sobre o cambio climático e as súas consecuencias

para os ecosistemas e os sistemas sociais da contorna do alumnado está impregnada en toda a súa execución por unha visión desde a educación ambiental, contribuíndo á conservación e mellora do medio. Será igualmente importante a valoración e coidado do noso patrimonio inmaterial e material, a valoración crítica dos hábitos sociais que poden alteralo.

INTERDISCIPLINARIEDADE: RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS:

Debido a que a profesora do Departamento de Lingua Inglesa Beatriz Martínez García é a encargada de impartir a sección bilingüe da materia, a coordinación con ela será continua ao longo de todo o curso.

Ademais, os contidos da materia configúranse cun carácter fortemente interrelacionado cos de outros ámbitos de coñecemento e experiencia, como son os contidos propios de **Ciencias Sociais**, particularmente os relativos ás estratexias de interpretación de mapas diversos e de Sistemas de Información Xeográfica, así como os relativos aos impactos económicos e sociais do cambio climático na contorna do alumnado. Os contidos propios de **Matemáticas** resultan tamén imprescindibles para abordar estratexias de cálculo, así como na interpretación de gráficos. Os sistemas de representación, traballados na área de **Educación Plástica e Visual**, facilitan as tarefas de interpretación e elaboración de modelos. Son precisos, tamén, os coñecementos aportados pola área de **Tecnoloxía** no manexo de aplicacións para o traballo coas aplicacións informáticas. As técnicas de expresión oral e escrita da área de **Lingua e literatura** son o vehículo habitual para as análises de textos, os debates e na comunicación dos resultados do proxecto de investigación.

8. METODOLOXÍA

Proponse unha metodoloxía baseada no marco teórico que resulta da integración, principalmente, de dous referentes: a **aprendizaxe significativa** e a **concepción construtivista** do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O profesor, partindo das preconcepcións e da competencia inicial do alumnado, coñecemento obtido das diferentes estratexias de avaliación inicial, e tendo en conta a diversidade na aula, terá un papel facilitador na consecución de dúas metas ao longo do curso: o incremento da competencia do alumno, cun maior nivel de rigor e crítica no seu razoamento conforme avance o curso, como unha maior experiencia de autonomía e responsabilidade persoal en actividades activas e participativas, de cara a conseguir que a/o alumna/o, na súa aprendizaxe global, inflúa positivamente e sexa motor de cambio dentro da sociedade. Esta proposición enmárcase nunha concepción didáctica que potenciará a construción do coñecemento mediante o desenvolvemento de habilidades e actitudes propias do **traballo por proxectos**.

A **metodoloxía por proxectos** resulta a máis adecuada para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar.

Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan ao alumnado a situacións de contacto coa información para as que debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto que se programa o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo.

O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) non acadará un gran nivel de complexidade, para adaptarse ao nivel competencial do alumnado de 2 de ESO.

A nosa metodoloxía pretende desenvolver competencias lingüísticas, culturais, sociolingüísticas e pragmáticas para que o noso alumnado sexa capaz de ser autónomo dentro e fóra das nosas fronteiras. Como estratexias fundamentais para abordar a práctica diaria na aula propoñemos o traballo por Proxectos Globalizados, o que implicará determinar os obxectivos, contidos, criterios e instrumentos de avaliación do alumnado, de elección de materiais e recursos necesarios, actividades complementarias, medidas de atención á diversidade, así como a propia avaliación do proxecto, para contar cun feed-back, que contribúa ao enriquecemento do proxecto nas súas sucesivas aplicacións. Potenciarase o interese, a responsabilidade e o esforzo do alumnado na adquisición das aprendizaxes.

Procuraremos, por tanto, unha dimensión interdisciplinar e un enfoque globalizador que permita abordar as aprendizaxes no seu contexto, así como un desenvolvemento de actuacións que permitan unha metodoloxía activa e flexible, facendo realidade o principio xeral de atender á diversidade do alumnado, facilitando a aprendizaxe individual e fomentando estratexias de cooperación e a participación responsable do alumnado nas aprendizaxes.

Potenciaremos, tamén, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso metodolóxico de reforzo das aprendizaxes instrumentais.

Promoveremos, ademais, unha **aprendizaxe-servizo**, ao propoñer que os resultados do proxecto de investigación sexan presentados polo alumnado aos seus compañeiros doutros grupos do CPI, e tamén ao entorno do mesmo (familias, amigos, veciños).

8.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS, MÉTODOS, ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES

A actuación do profesor apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos e nos subsecuentes métodos e estratexias metodolóxicas derivadas delas:

- Principio da individualización da ensinanza (atención á diversidade): respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe, o traballo individual levaranse a cabo mediante:
 - Análise e representación de datos, elección do tipo de representación (táboas, gráficos bidimensionais, árbores xenealóxicas, bloques-diagrama,

etc.), definición do rango e intervalo e execución, interpretación de debuxos, gráficos, fotografías e mapas.

- Resolución de problemas con aproximación, presentación de solucións e de resultados.
 - Realización de sínteses mediante o uso de subliñado, esquemas, mapas conceptuais e redacción de resumos, para facilitar a memorización comprensiva.
 - Construción de ensaios escritos e comunicacións orais, mediante o argumento, guión e desenvolvemento do discurso.
- Principio da socialización: durante o curso realizaranse actividades que fomenten a aprendizaxe cooperativa, mediante o debate, diálogo e o valor do diferente. Para conseguilo levaranse a cabo os agrupamentos que seguen:
 - *Gran grupo*: nas exposicións orais do profesor ou dunha/dun alumna/o, nas actividades de motivación, coñecementos previos e debates. Toda a aula formará un gran grupo.
 - *Pequeno grupo*: realizaranse en pequeno grupo (2, 3 ou 4 alumnas/os) o traballo inicial de busca e selección de información a realizar no proxecto de investigación.
 - Principio da intuición: esta é directa cando percibimos a presenza inmediata do obxecto, pero indirecta en procesos que acontecen durante lapsos de tempo moi dilatados, como os procesos dinámicos dos ecosistemas e das sociedades. Para axudar ao alumnado na comprensión destes fenómenos non intuitivos farase un uso sistemático de abundante apoio gráfico ao longo do curso, a visualización de vídeos, algúns aportados polo profesor e outros elaborados polo alumnado.
 - Principio da creatividade: potenciarase a creatividade do alumno tendo en conta as seguintes premisas:
 - Activarase a curiosidade e o interese do alumnado presentando información nova, sorprendente e/ou incongruente cos coñecementos previos do alumno, propoñéndolle problemas a resolver, variando os elementos da tarefa para manter a atención e seleccionando exemplos próximos ás súas experiencias.
 - Animarase continuamente á/ao alumna/o, valorando calquera logro que consiga, por pequeno que sexa, evitando a motivación baseada na competitividade.
 - Potenciarase a actitude cooperativa na medida que permita a natureza da tarefa.

As/os alumnas/os desenvolverán tamén a súa creatividade na propia selección e e análise de información na internet, na biblioteca escolar, e noutras fontes.

8.2. ESPAZOS, MATERIAIS E RECURSOS EDUCATIVOS

Ao longo deste curso crearase na medida do posible un clima dinámico e axeitado de aprendizaxe para motivar ás/aos alumnas/os, utilizando diversidade de materiais e recursos.

A **aula de referencia de 2º ESO A**, acondicionada con 24 postos de traballo e equipada con ordenador, proxector e encerado interactivo, será o espazo no que se levarán a cabo moitas das clases da materia.

Para a busca e tratamento de información usaranse os recursos bibliográficos da **biblioteca escolar** e, nalgún caso, a **aula de informática** do CPI.

Algún puntos no litoral do Morrazo e da enseada de San Simón serán empregados para a obtención de datos referidos aos efectos do ascenso e descenso do nivel do mar causados por cambios climáticos.

Empregaranse os seguintes **materiais e recursos didácticos**:

- Recursos humanos: o persoal docente e administrativo do centro (especialmente a profesora do Departamento de Lingua Inglesa Beatriz Martínez García, encargada de impartir a sección bilingüe da materia), resto de alumnado de secundaria, familias, persoal dos arquivos da Deputación de Pontevedra, veciñanza e persoal do Concello de Vilaboa, membros de ONGs, asociacións e persoas expertas en educación para o desenvolvemento e consumo responsable.
- Materiais impresos: fotografías antigas, apuntamentos, manuais, enciclopedias, dicionarios, libros de ensaio, revistas de divulgación científica, noticias de prensa, textos fotocopiados sobre diferentes temáticas, fichas de observación e rexistro de datos, fichas de visitas de estudo e mapas diversos.
- Material propio da/o alumna/o: bolígrafos, lapis, goma, regra, calculadora, caderno.
- Recursos audiovisuais: escáner, fotocopiadora, material audiovisual extraído de DVDs, páxinas web e vídeos *YouTube*, *Google Earth*, programas de simulación e interactivos, animacións *Flash*, e presentacións PowerPoint.
- Recursos de novas tecnoloxías (TICs): ordenador portátil do profesor con acceso a internet e ferramentas ofimáticas, ordenadores portátiles que o alumnado ten en préstamo dentro do Programa *Edixgal* e que contan con acceso a internet e ferramentas ofimáticas, ordenadores con acceso a Internet da biblioteca e da sala de informática, proxector e encerado interactivo da aula, tablet.
- Outros recursos: teléfono móbil intelixente, cámara de fotos.

Os materiais e recursos están relacionados cun procedemento de avaliación continua, polo que levarase un control de todo o material escrito que se lle vai aportando ao alumnado e que este debe compendiar de forma organizada no seu portafolio.

8.3. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DO CPI

- PLAN DE LECTURA:

Como documento estratéxico do CPI, ten por obxectivo promover o desenvolvemento e mellora da competencia lectora e o fomento do hábito lector para mellorar as expectativas de éxito educativo do alumnado. Para facilitar a consecución dos seus obxectivos potenciarase a lectura de libros de ensaio e de ficción, manuais, e revistas e páxinas web de divulgación científica. Así mesmo, potenciarase a integración das fontes informativas e o enriquecemento do vocabulario, buscando o alumnado termos no dicionario.

- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC:

A metodoloxía proposta contempla o uso de diferentes recursos de tecnoloxías da información e da comunicación detalladas anteriormente, que serán utilizados para a realización das actividades programadas de busca e selección de información na internet, así como para a elaboración de diferentes traballos con procesadores de textos e con editores de presentacións dixitais (que non se imprimirán, fomentando así a educación ambiental).

Tamén fomentarse o uso adecuado das novas tecnoloxías, advertindo dos perigos da rede: ciberacoso, enganoso, uso indebido dos datos persoais, etc. Salientarase a importancia de seleccionar a información respectando os dereitos de autoría e conseguir rigor científico.

- PLAN DE CONVIVENCIA:

Ao longo do curso potenciaranse aqueles valores e actitudes para manter ou mellorar a convivencia pacífica entre todos os membros da comunidade educativa, de tal xeito que o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía abordará as condutas contrarias ás normas de convivencia segundo o protocolo establecido no Plan de Convivencia do CPI. Así mesmo, intentarase fomentar a aprendizaxe cooperativa, reforzar as condutas positivas e implicar ao alumnado no cumprimento das normas e nas consecuencias que se deriven do seu incumprimento.

Animarase a que no centro educativo exista un ambiente de traballo positivo e favorable que permita a transmisión de coñecementos e de valores. Polo tanto, nas propias normas da dinámica da aula, non se permitirán discriminacións, insultos, faltas de respecto, ou calquera actitude vexatoria. Ademais fomentaranse valores coma a tolerancia, empatía, e actitudes pacíficas de resolución de conflitos.

Tamén contribuirase a traballar en grupo, xa que implica cooperación e resolución de problemas de forma consensuada. O uso de diferentes tipos de agrupamento do alumnado nas actividades programadas, na medida do posible, e os debates de clase potenciarán o desenvolvemento de habilidades sociais, sempre desde o respecto polas opinións e traballo das/os compañeiras/os.

Cando se realicen saídas didácticas, potenciaranse valores coma a integración e a tolerancia.

- PROXECTO LINGÜÍSTICO:

Como documento que regula o uso das linguas no centro, a aportación da programación céntrase no uso do galego para impartir a materia, e no fomento do seu uso por parte de todo o alumnado, tanto de forma oral, nas actividades escritas, e nos seus traballos individuais e grupais. Así mesmo, potenciarase a valoración da lingua propia de Galicia por parte das/os alumnas/os falándolles en dita lingua nas charlas informais que se teñan con elas/eles.

9. AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe das materias que se programan será continua, formativa e integradora, establecéndose medidas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado especialmente aquel con necesidades específicas de apoio educativo. Co fin de mellorar a competencia de aprender a aprender das/dos alumnas/os, o primeiro día de clase se lles pasará un extracto desta programación, que quedará no taboleiro da súa aula de referencia, e na que se destacan os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia, así como un resumo dos aspectos relacionados coa avaliación e cos criterios de cualificación.

9.1 AVALIACIÓN INICIAL. MECANISMOS E CONSECUENCIAS

Ao comezo do curso levarase a cabo unha **avaliación inicial**, que tratará de determinar o nivel competencial das/os alumnas/os, utilizando un **cuestionario escrito** individual, con preguntas curtas relacionadas cos estándares, que cubrirán nas primeiras sesións do curso. Levarase a cabo tamén unha **observación sistemática** do alumnado durante a realización das actividades e **revisando o seu traballo** nos seus cadernos ao longo das primeiras semanas lectivas. A información así obtida, e contrastada co resto de profesorado do grupo e o Departamento de Orientación, servirá para detectar as necesidades educativas reais do alumnado, información precisa para establecer a referencia do nivel de aprendizaxe coa que debemos comezar o curso, e así introducir as modificacións necesarias na metodoloxía de ensino-aprendizaxe ou na disposición do alumnado na aula, entre outros aspectos programáticos.

9.2 AVALIACIÓN CONTINUA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

A avaliación formará parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe dunha forma continuada e integrada no ritmo da clase, de xeito que irá informando ao profesor sobre a evolución das/dos alumnas/os, das súas dificultades e dos seus progresos. Deste xeito, posibilitase o axuste do proceso didáctico a medida que van variando as necesidades do alumnado.

Os procedementos e instrumentos que se empregarán para avaliar o grao competencial do alumnado neste contexto serán os seguintes:

PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
Observación e rexistro	<p>Observación sistemática da actitude do alumno na busca e tratamento da información, observación continua do alumno durante o traballo diario individual ou en grupo, nas postas en común, na forma de participar durante as explicacións, etc. Observarase se a/o alumna/o:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contesta correctamente ás cuestións propostas. - Formula preguntas pertinentes ao tema da clase. - Realiza as actividades. - Presta atención e toma apuntes de maneira autónoma. - Trae todo o material necesario para o traballo da clase. - Ten un comportamento axeitado na aula. <p>O rexistro levarase a cabo mediante rúbricas, escalas de valoración, anotacións procedementais derivadas da observación directa externa e participación en diferentes actividades como charlas ou conferencias, saídas didácticas, capacidade organizativa, presentación dos traballos, etc.</p>
Caderno	<p>Cada estudante debe ter un caderno de clase no que irá anotando todos os conceptos, resumos, exercicios, respostas e informes, e no que incluírá as fichas de traballo aportadas polo profesor e os guións e anotacións tomadas polo alumnado. O caderno revisarase unha vez por trimestre, avaliándose a súa presentación (orde, caligrafía) e o seu contido. Debe estar completo, ordenado e ao día.</p>
Traballos individuais e en grupo	<ul style="list-style-type: none"> - Traballos de investigación - Informes - Presentacións

Tomarase nota de todos os datos no **rexistro de seguimento** da/do alumna/o (en **táboas excel** coas cualificacións de cada alumna/o).

A avaliación realizarase tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, centrándonos sobre todo nos estándares de aprendizaxe, que permiten definir os resultados da aprendizaxe, e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer.

9.3 MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

Para a recuperación dos estándares de aprendizaxe correspondentes aos dous primeiros períodos parciais de avaliación que estiveran suspensos, as/os alumnas/os realizarán actividades de repaso-reforzo ao principio do seguinte período de avaliación.

Durante o período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final realizaranse actividades de apoio, reforzo e recuperación para o alumnado que suspendera algunha avaliación parcial.

9.4 AVALIACIÓN FINAL. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para expresar de forma obxectiva os resultados da avaliación utilízanse os **criterios de cualificación**. O grao mínimo para superar a materia está definido polo indicador mínimo de logro dos estándares de aprendizaxe marcados na táboa do punto 6 desta programación.

- Faranse **tres avaliacións** ao longo do curso académico.
- Todo o alumnado terá un **caderno de clase**, que será avaliado unha vez por período de avaliación.
- Haberá **traballos/proxecto de investigación obrigatorios**, que terán unha data límite de entrega. De non se presentar nese día, non serán avaliados.
- A falta de asistencia á clase dunha/dun alumna/o suporá a obriga de que esta/e realice todas aquelas tarefas que se desenvolveran na súa ausencia, salvo casos de falta prolongada e xustificada.
- **As cualificacións de cada período de avaliación na ESO obtéñense a partir do peso (en %) dos estándares de aprendizaxe traballados nese período.**
- As cualificacións dos distintos períodos de avaliación e final expresaranse con valores numéricos do 1 ao 10, onde do 1 ao 4 (ambos incluídos) serán suspensos e do 5 ao 10 (ambos incluídos) serán aprobados.
- A **cualificación final do curso** no mes de **xuño** obterase da media aritmética das cualificacións das distintas avaliacións.
- A/o alumna/o superará a materia se a **cualificación final** é de **5** puntos ou superior a **5**.
- Para acadar a superación da materia na **convocatoria final de xuño** deberá realizar e facer entrega, no día e hora asignadas para a avaliación da materia no calendario escolar, do traballo ou proxecto de investigación indicado pola profesora a principios do mes de xuño, e acadar unha puntuación mínima de 5.
- Para establecer a nota da/o alumna/o no boletín de cualificacións farase o seguinte redondeo:
 - De 0 a 1,49 puntos, nota no boletín: **1**
 - De 1,50 a 2,49 puntos, nota no boletín: **2**
 - De 2,50 a 3,49 puntos, nota no boletín: **3**
 - De 3,50 a 4,49 puntos, nota no boletín: **4**
 - De 4,50 a 5,49 puntos, nota no boletín: **5**
 - De 5,50 a 6,49 puntos, nota no boletín: **6**
 - De 6,50 a 7,49 puntos, nota no boletín: **7**
 - De 7,50 a 8,49 puntos, nota no boletín: **8**
 - De 8,50 a 9,49 puntos, nota no boletín: **9**
 - De 9,50 a 10 puntos, nota no boletín: **10**

9.5 AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Neste curso 2022-2023 ningunha/ningún alumna/o doutros grupos de ESO ten a materia pendente.

9.6 AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO DE ENSINO: INDICADORES DE LOGRO

Seguindo o disposto no artigo 21.3 do *Decreto 86/2015*, do currículo da ESO en Galicia, que indica que o profesorado avaliará a súa práctica docente e o proceso de ensino, establécense unha serie de indicadores de logro destes dous aspectos para a súa valoración, respectivamente, ao longo do curso e ao seu remate. Lístanse, acompañados da correspondente escala de valoración nas seguintes táboas:

- Táboa 1. Indicadores de logro da práctica docente:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécense a cada alumna/o as explicacións individualizadas que precisa				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar				
6. Combínase o traballo individual e en equipo				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación				

Escala: 1 = Non se cumpre; 2 = Cúmprese levemente; 3 = Cúmprese case sempre; 4 = Cúmprese sempre

- Táboa 2. Indicadores de logro do proceso de ensino:

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación				
11. Deuse un peso real á observación do traballo na aula				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				

Escala: 1 = Non se cumpre; 2 = Cúmprese levemente; 3 = Cúmprese case sempre; 4 = Cúmprese sempre

O alumnado cubrirá anonimamente e a mediados do primeiro período de avaliación un cuestionario similar aos anteriores (aportarase en papel). De tal xeito, establécese un procedemento de coavaliación que se enfocará cara á constante retroalimentación co alumnado, de modo que nos mostre o seu interese pola materia, as súas necesidades de axuda e a súa percepción na asistencia prestada, entre outros aspectos, sendo idóneas para avaliar actitudes.

9.7 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: MECANISMOS E INDICADORES

Avaliarase a presente programación co fin de valorar se a súa posta en práctica cumpriu todas as expectativas previas en canto á temporalización, ao desenvolvemento axeitado de contidos, á metodoloxía empregada, aos materiais e recursos empregados, aos resultados de aprendizaxe, etc. e determinar en que medida o deseño proposto foi adecuado para lograr os obxectivos fixados e así, no seu caso, realizar as modificacións pertinentes.

Distínguense tres momentos á hora de avaliar a programación didáctica: inicial, de proceso e final. A programación revisarase polo menos unha vez por período de avaliación. Neses momentos reflexionarase sobre os aspectos que se mostran a continuación:

- Adecuación dos obxectivos e dos contidos específicos propostos en cada unidade.
- Idoneidade das actividades propostas e a súa secuencia.
- Diversificación de estratexias que respondan aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe detectados no alumnado.
- Adecuación da metodoloxía e dos materiais empregados.
- Nivel de interacción con e entre o alumnado e o clima establecido na aula.
- Todo o que favoreza ó proceso de ensino-aprendizaxe: organización, espazos, agrupamentos, ratio de alumnos por aula.
- Coordinación co resto de profesores que imparten no mesmo grupo de alumnas/os a través do profesor titor, así como a comunicación coas/cos nais/pais.

Tras a avaliación do deseño e do desenvolvemento da programación, tomaranse decisións sobre os aspectos a modificar, orientando novamente o proceso de ensino-aprendizaxe e tendo sempre como finalidade última a súa optimización. Adoptaranse as modificacións oportunas daqueles aspectos que sexan necesarios como os erros detectados, modificación da temporalización ou incluso criterios de puntuación. Destas modificacións quedará constancia no libro de actas do departamento.

Os indicadores de logro que especifican os aspectos a valorar da programación lístanse xunto cunha escala de valoración na seguinte táboa:

- Indicadores de logro para a avaliación da programación didáctica:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas e proxecto de investigación a partir dos elementos do currículo				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas e proxecto de investigación				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas				
4. Adecuación no tratamento dos elementos transversais				
5. Traballo interdisciplinar e colaboración con outros departamentos didácticos axeitado				
6. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades e proxecto de investigación				
7. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
8. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación				
9. Adecuación dos indicadores de logro programados				
10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento				
11. Adecuación da secuencia de traballo na aula				
12. Adecuación dos materiais didácticos utilizados				
13. Adecuación do libro de texto				

14. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro				
15. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia				
16. Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro				
17. Adecuación dos mecanismos para informar aos alumnos e ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos				
18. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba				
19. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares				
20. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
21. Adecuación das probas escritas e orais, tendo en conta o valor de cada estándar				
22. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha avaliación				
23. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes				
24. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares				
25. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes				
26. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
27. Adecuación das medidas de reforzo educativo				
28. Adecuación das medidas de ampliación de contidos				
29. Adecuación das medidas de atención ao alumnado con NEAE				
30. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas				
31. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso				

Escala: 1 = Non se cumpre; 2 = Cúmprese levemente; 3 = Cúmprese case sempre; 4 = Cúmprese sempre

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A programación debe dar resposta á diversidade do alumnado, é dicir, á variabilidade nas capacidades, necesidades, intereses, condicións sociais, etc., como se recolle na **LOMCE**, e tamén no **Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.

Contémplanse, de tal modo, medidas de atención á diversidade ordinaria dos grupos, para evitar o abandono escolar e favorecer a motivación, e medidas extraordinarias para tratar ás necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), como son:

- Unha *ensinanza individualizada*, mediante as actividades de reforzo e ampliación, cos diversos agrupamentos, materiais, metodoloxía e espazos.
- Ofrecer *información e colaboración ao/á titor/a e ao departamento de orientación* sobre o proceso da aprendizaxe do alumnado, que permitan a adopción de medidas específicas de atención á diversidade.

Ademais teranse en conta os contidos do portal web <http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion>, que ofrece de xeito concentrado diferentes tipos de orientación e recursos, publicacións e ligazóns de interese que contribuirán á atención á diversidade e á orientación, promovendo o desenvolvemento dunha educación equitativa e de calidade.

Ao comezo do curso o profesor do departamento estará atento aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e ás diferentes necesidades educativas colectivas e individuais, tendo en conta tamén o apuntado pola orientadora e polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial, para así poder establecer distintas respostas educativas, no marco do Plan Xeral de Atención á Diversidade do CPI:

NECESIDADES COLECTIVAS
<ul style="list-style-type: none"> - Determinaranse os puntos prioritarios que hai que practicar no grupo nesa materia. - Determinaranse os aspectos que se deben ter en conta á hora de colocar ao alumnado na aula e ao agrupar ás/aos alumnas/os para os traballos cooperativos. - Determinaranse os tipos de recursos para adaptar ao nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo. - Para a formación de grupos de traballo, farase fincapé non só na variedade de agrupamentos senón na homoxeneidade ou heteroxeneidade destes segundo resulte máis ou menos conveniente. - Manterase contacto habitual cos titores do grupo e coa orientadora do centro para manterse asesorado, actualizado e informado sobre as diferentes situacións educativas e sociais dos alumnos e alumnas. - Fomentarase a valoración positiva da diversidade étnica e cultural da aula como elemento enriquecedor do coñecemento.

MEDIDAS INDIVIDUAIS ORDINARIAS	
NECESIDADE EDUCATIVA	RESPOSTA EDUCATIVA
Dificultade puntual	Reforzos puntuais. Poderá realizarse unha adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación: acomodaranse os tempos de realización das actividades na medida do posible, a aquelas/es alumnas/os que o precisen.
Desfase curricular non significativo (alumnado con dificultades lixeiras, pero en condicións de acadar os estándares mínimos e, polo tanto, poidan superar a materia)	Reforzo educativo con pequenas modificacións nos contidos e na realización de actividades segundo as súas posibilidades. Asistirase de maneira máis persoal aos alumnos que teñan dificultade no desenvolvemento de determinadas habilidades e fomentarase a solidariedade entre compañeiras/os, de modo que as/os máis avantaxadas/os poidan axudarlles nalgúns actividades.
Desfase curricular significativo	Adaptacións Curriculares Significativas que se adecuarán ao nivel acadado pola/o alumna/o.

Ampliación de contidos	Para o alumnado que amose especial interese nalgunha das liñas de investigación previstas, serán propostas actividades e tarefas de afondamento e ampliación. As/os alumnas/os máis avantaxados poderán realizar fichas con actividades de ampliación, se lles facilitarán lecturas motivadoras e serán propostos para axudar na aula a aqueles con máis dificultade. Así mesmo, se lles valorarán os traballos de investigación voluntarios que presenten no curso.
-------------------------------	--

Reforzo e ampliación

No caso dos repetidores con baixo interese, variaranse as actividades con respecto ao ano anterior, e serán motivadoras. Ademais, o alumnado repetidor terá un apoio con tarefas adaptadas ao seu ritmo de aprendizaxe. Velarase, así mesmo, por atender especialmente a este alumnado repetidor, animándoos a esforzarse e reforzándolles de forma positiva os seus logros.

Para as/os alumnas/os que teñan dificultade para acadar os obxectivos propostos, tratarase que adquiren os procedementos máis elementais. Así mesmo, pretenderase que adquiren actitudes relacionadas coa tolerancia e respecto polos demais.

O sistema de ampliación consistirá en traballos sobre temas xa estudados e que tratan de novo para buscar novos datos, perspectivas ou posibles ampliacións, ou relacións con informacións de actualidade. Ademais traballarase sobre materiais individualizados para cada alumna ou alumno que resolverá autonomamente ou co apoio do profesor.

Adaptacións curriculares

Este tipo de medidas realizarase sempre en colaboración co Departamento de Orientación do CPI, que axudará na valoración dos novos casos que as precisen. Para aquelas/es alumnas/os que xa tiveran adaptación curricular no curso pasado, se lles revisará a súa programación de estándares de aprendizaxe por se fora preciso modificala. En ambos casos, farase un estudo pormenorizado dos estándares para agrupalos en esenciais e complementarios.

No caso de que as medidas ordinarias propostas non fosen suficientes para un desenvolvemento satisfactorio das capacidades dalgún alumno ou alumna, será necesario acudir ao Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos e valorar a posibilidade da aplicación de **medidas extraordinarias**.

**MEDIDAS INDIVIDUAIS EXTRAORDINARIAS:
ATENCIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO
EDUCATIVO (NEAE)**

No articulado do capítulo I do título II da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, modificada pola *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* e no artigo 7 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato en Galicia* defínense os tipos de casos de alumnado con NEAE e no *Decreto 229/2011 sobre atención á diversidade* establécense medidas organizativas e curriculares extraordinarias para eles.

No caso de impartir a materia de *Investigación e Tratamento da Información* a algún/ha alumno/a con NEAE (de altas capacidades, TDA/H, TEA, retraso mental leve, alumnado estranxeiro con problemas de comunicación na lingua vehicular, etc.) o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía establecerá as medidas oportunas que recollen os protocolos específicos para cada caso publicados pola Consellería de Educación.


11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAORDINARIAS

Desde o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía fomentárase a participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares propostas no contexto dos programas que están a desenvolverse e que se desenvolverán ao longo do curso no centro, especialmente os relativos ao **Programa de Escolas UNESCO**, como a **Festa das Culturas**, a celebrar a finais do curso. Así mesmo colaborárase desde o departamento naquelas actividades complementarias e extraescolares organizadas por outros departamentos didácticos, principalmente as relacionadas cos obxectivos e contidos das materias propias, así como naquelas actividades a desenvolver no centro educativo con motivo da celebración das distintas conmemoracións, principalmente na Semana da Prensa, no Día Mundial da Saúde, na Semana do Libro e no Día Mundial do Medio Ambiente.

As/os alumnas/aos participarán en:

- Obradoiros.
- Visita ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico do Arquivo Provincial da Deputación de Pontevedra.
- Conferencias e charlas informativas e de sensibilización relacionadas cos diferentes proxectos.
- Visitas culturais.
- Entrevistas a veciñas e veciños do concello de Vilaboa, a expertos especialistas en diferentes temáticas.
- Visita á exposición itinerante sobre aspectos do desenvolvemento sostible a celebrar na entrada do CPI.

Vilaboa, a 19 de setembro de 2022.

A handwritten signature in green ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Miguel Trigo Fernández
(Xefe do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía)